



PREVIAS do Teatro Jofre



Nº. 36 - Xuño 2009

Teatro Jofre.- Tfno.: 981 94 42 44 ; C.Electrónico: jofre.gerencia@ferrol.es; asesorcultural@ferrol.es

Programación Xuño 2009

TERTULIA




Tertulia-Presentación
da obra de teatro
"BAILADELA MORTE DITOSA"
de Roberto Vidal Bolaño e Teatro de Ningures
Mércores 3




Bailadela da morte ditosa
Cía. **TEATRO DE NINGURES**
Venres 5

TEATRO



As Dunas
Cía. **C. D. G.**
Sábado 13



R.I.P. Marandaina
G^a. **O BORDELO**
Domingo 14

DANZA



Ensaio Aberto
"OVAY" de Quique Peón
Xoves 4



O CAFÉ DA ESTACIÓN
Alumnos do Conservatorio
P. de Danza de A Coruña
Venres 26



GLIMPSE
Cía. Gelabert Azzopardi
Domingo 28

MÚSICA



BOHEMIOS
Presentación CD 20 Aniversario
Sábado 6



LUAR NA LUBRE
"Ao Vivo"
Venres 19



Orquestra Nova
Filarmónica de COLONIA
Xoves 25

OUTRAS ACTIVIDADES

Venres 12. Festival 95 Aniversario do Toxos - Xoves 18.- Festival Fin de Curso Escola de Danza "ALLEGRO"
Sábado 20.- Festival Fin de Curso Escola de Danza "Suso Pérez Lago"
Domingo 21.- Festival Fin de Curso Escola de Danza "Mundo Danza"

TEATRO

Mércores, día 3, ás 20:00h.

TERTULIA-PRESENTACIÓN da obra BILADELA DA MORTE DITOSA de Tº. de Ningures

aatj TERTULIA "O Teatro Jofre e os seus protagonistas"

Tertulia-Presentación
da obra de teatro
"BILADELA DA MORTE DITOSA"
de Roberto Vidal Bolaño e Teatro de Ningures



Teatro Jofre, Mércores 3 de Xuño de 2009
Sala do Ambigü, ás 20:00 h.

Con motivo da presentación, no Teatro Jofre, da obra de teatro "Biladela da morte ditosa" de Roberto Vidal Bolaño, pola Cía. Teatro de Ningures, a Asociación de Amig@s do Teatro Jofre organiza esta TERTULIA co fin de coñecer mais polo miúdo a creación deste espectáculo así como facer un achegamento á figura de Roberto Vidal Bolaño.

Participarán:


- **Manuel Xestoso.** Crítico teatral de A Nosa Terra. Fará unha reflexión sobre a figura de Roberto Vidal Bolaño.
- **Casilda García, Pepa Barreiro e Salvador del Rio.** Protagonistas do espectáculo.
- **Luma Gómez (Moderadora)** Presidenta da A.A.T.J.

* Farase unha lectura dramatizada dalgunha escena da obra

Prezos das Entradas.- Entrada Libre

Venres, día 5, ás 20:30h.

"BILADELA DA MORTE DITOSA" Cía. Teatro de Ningures



Obra: **Biladela da morte ditosa**

Autor: **Roberto Vidal Bolaño**

Director: **Etelvino Vázquez**

Escenografía: **Pablo Giráldez "O Pastor"**

Deseño Vestiario: **Carlos Alonso**

Musica: **Anxo Graña**

Elenco: **Fran Paredes, Sonia Rúa, Mónica Camaño, Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Salvador Del Rio e Casilda García.**

Sinopse:

Biladela da morte ditosa preséntanos seis encontros coa morte noutros tantos cadros. Encontros procurados sempre polos personaxes e por diferentes motivos: adiantar a propia morte para fuxir do sufrimento, achegarse a ela para matar a soidade ou o fracaso, abrazala para alimentar outra vida ou acabar nos seus brazos como remate natural dun camiño xa andado. E Roberto Vidal Bolaño píntanos eses cadros coas súas pinceladas características: unha linguaxe áxil e poderosa, uns personaxes trazados con gran profundidade e un

achegamento ao tema -a morte buscada, a "ditosa"- sen estridencias, con gran naturalidade, como sempre se tratou na nosa cultura e desde o noso imaxinario.

A pesar do seu título, as biladelas da morte ditosa son un canto á vida: a vida digna, ao amor, á liberdade. Tampouco non queremos dar unha visión "valleinclanesca" e moito menos "costumbrista" do texto – que pode conter esas dúas características no seu seo- senón que imos procurar subliñar nel todo o que ten de "contemporaneidade", entendido este concepto como proximidade, achegamento aos conflitos máis fondos e actuais, máis esenciais, tentando despoxalo, por exemplo, de referencias xeográficas ou específicas da época, porque entendemos que é un texto universal.

¿Por que BILADELA DA MORTE DITOSA?

Despóis de levar aos escenarios, nos últimos anos, tres textos tan diferentes como “Tartufo”, “Misericordia” e “Emigrados” -unha comedia clásica, unha aceda crítica social e unha obra contemporánea escrita a cinco mans por outros tantos autores galegos-, en Teatro de Ningures vimos clara a necesidade de continuar a traballar unha vez máis nesa última liña: a de levar a escena outra obra galega contemporánea que toque temas de hoxe –e de sempre, neste caso- que toque a tecla da sensibilidade do espectador/ora de aquí e de agora.

E que autor galego contemporáneo mellor que Roberto Vidal Bolaño? Desaparecido prematuramente, Roberto constituiu un dos escasos cumes da nosa Literatura Dramática, cunha estética moi particular, cunha linguaxe rica e rexa, cunha conciencia crítica insobornable e cunha capacidade creativa que o levaron ao lugar que ocupa sen dúbida ningunha: un lugar cimeiro na Literatura Dramática galega actual e de todos os tempos.

Porque “as bailadelas” compoñen un texto completamente contemporáneo, galego e universal, cuns personaxes e unha problemática actual e totalmente reconecible polo público de hoxe e de calquera lugar.



O Autor:



Roberto Vidal Bolaño naceu en Santiago de Compostela en 1950 e faleceu na mesma cidade en 2002. Formou parte do denominado "Grupo Abrente" que, a partir da década dos 70, renovou e actualizou tanto a escrita como as representacións dramáticas galegas. Todas as súas actividades xiraron sempre, e en exclusiva, arredor do teatro: desde a creación do "Grupo Antroido", en 1975, até a súa compañía actual "Teatro do Aquí", pasando pola breve experiencia da cooperativa "Teatro do Estaribel". En 1978 deu o paso definitivo que levou ás xentes do teatro galego a se transformaren en profesionais, superando de vez a pantasma de "amador" que pairara sempre sobre a historia do noso teatro.

A súa produción está caracterizada polo compromiso co país e a lingua, a experimentación estética, e o diálogo coa tradición, tanto culta como popular, literaria e histórica, social e política. O feito de que Vidal Bolaño escribise para a súa compañía, coa urxencia que esixe a obrigada estrea anual e a atención dedicada ao texto espectacular, non empeceu en absoluto a calidade literaria dos seus textos dramáticos, nos que as resonancias de Otero Pedrayo e Valle Inclán se transforman en esmaltes que enriquecen a súa literatura e agasallan ao lector.

A pesar de que xa nas décadas dos setenta e oitenta lograra diversos premios ("Abrente", "O Facho" e "Ciudad de Valladolid"), como aconteceu con outros integrantes do "Grupo Abrente", o recoñecemento artístico de Vidal Bolaño non se produciu até os anos noventa, cando a obtención de premios institucionais, galegos e portugueses ("Rafael Dieste", "Alvaro Cunqueiro", "Xacobeo 92", "Eixo Atlántico", "María Casares"...), normalizou tanto a publicación das súas obras como o seu coñecemento por parte da prensa e, en consecuencia, do público.

A súa forte personalidade deixou unha profunda pegada nos dramaturgos máis novos, cuxas consecuencias se verán co transcorrer do tempo.

A figura e a obra de Roberto Vidal Bolaño foron fundamentais na construción dun teatro nacional galego.

A obra de Roberto Vidal Bolaño está marcada pola estética da derrota e a crítica da modernidade. Talvez influído por Ramón Otero Pedrayo defende unha recuperación do popular. Cultivou igualmente, como Otero, o teatro histórico, arrededor da figura de Rosalía de Castro obras que constitúen verdadeiros ensaios sobre a vida e a obra da poeta. Ademais, unha das súas maiores influencias foi a do teatro de Valle Inclán, a quen menciona varias veces ao longo da súa obra. As súas obras recollen e mesturan as correntes estéticas do realismo, simbolismo, surrealismo e expresionismo. Son pezas nas que se destaca e coida o diálogo co público.

Obras:

“A burla do galo”, “A ópera de a patacón”, “Agasallo de sombras”, “Animaliños”, “As actas escuras”, “Bailadela da morte ditosa”, “Cochos”, “Criaturas”, “Daquel Abrente”, “Días sen gloria”, “Doentes”, “Integral”, “Laudamuco Señor de Ningures”, “Ledaiñas pola morte de meco”, “Mar revolto”, “O circo da medianoite”, “Maremia”, “Rastros”, “Saxo tenor”, “Touporroutou da lúa e do sol”.

O Director:

Etelvino Vázquez: Licenciado en Filoloxía Francesa pola Universidade de Oviedo. Licenciado en Arte Dramática pola Escola de Arte Dramática de Sevilla.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Forma parte da Compañía **Caterva** desde 1968 ata 1977.

Forma parte da Compañía **Margen** desde 1978 ata 1984.

En 1985 crea **Teatro do Norte**. Dirixe todos os espectáculos da súa Compañía desde a súa creación, intervindo tamén como actor. Coa súa Compañía actuou en España, Portugal, Francia, Holanda, Venezuela, Brasil, USA, Italia, Romanía, Moldavia, Montenegro e Exipto.

Impartiu seminarios en España, Portugal, Brasil, USA e Italia.

De 1986 a 1996 foi Profesor de Interpretación no Instituto do Teatro de Asturias.

Dirixiu tamén espectáculos para Compañías de Galicia, Estremadura, País Vasco, Madrid, e Andalucía. Entre os espectáculos dirixidos destacan: "Aquí no paga nadie" e "Una mujer sola" de Dario Fo, "Perfume de Mimosas" e "El Pájaro de Plata" de Miguel Murillo, "Ubu Rei" e "Sempre Ubu" de Alfred Jarry, "Tic-Tac" de Suso do Toro, "Esperando a Godot" de Samuel Beckett, "Retablo de la Avaricia de la Lujuria y de la Muerte" de Val-Inclán, "El Gran Teatro del Mundo" de Calderón da Barca, "El Caballero de Olmedo" de Lope de Vega, "Los Dioses y los Cuernos" de Alfonso Sastre, "Fausto" de Marlowe, "Cara de Plata" de Valle Inclán, "Círculo" de Suso de Toro, etc.

Dirixiu "Macbeth" de Verdi nas Tempada de Ópera de Oviedo e A Coruña.

Premio ao mellor Director de Teatro Profesional de Asturias na I Gala do Teatro Asturiano, Decembro 2000.

Premio Asturias de Teatro, a toda a súa traxectoria, na II Gala do Teatro Asturiano, Decembro 2001.

A Compañía:**ningures produción**

Despois de vinte anos de actividade teatral profesional, **TEATRO DE NINGURES** (fundada en 1.986) reúne unha serie de recursos humanos, técnicos e materiais que fan desta compañía unha das máis estables de Galicia e un punto de encontro imprescindible para os profesionais do sur do país, así como unha referencia no panorama teatral galego

TEATRO DE NINGURES conta neste momento cun elenco estable, que traballa nas distintas obras que a compañía mantén en cartel, formado por cinco actrices, cinco actores e dous técnicos. Todos eles gozan de recoñecido prestixio dentro do mundo do teatro galego, con premios e mencións ó seu traballo. Ademais é unha empresa na que traballan actores, técnicos e creadores de toda Galicia, pero fundamentalmente da provincia de Pontevedra, tendo nesta compañía un centro de traballo indispensable. Deste xeito, esta compañía posibilita a saída profesional e artística de moitos profesionais de toda Galicia, intentando nos últimos anos integrar xente nova, apostando por novos valores para a escena galega, contribuíndo a súa formación e á normalización do mercado de traballo teatral.


TEATRO DE NINGURES é tamén a compañía galega na que sistemáticamente ven realizando o seu traballo artístico un profesional de talla internacional como é o director Etelvino Vázquez, consolidando un equipo de traballo estable, encabezado polos actores e actrices socios da compañía: Casilda García, Pepa Barreiro, Sonia Rúa e Salvador del Río, que posibilita a creación dunha liña artística coherente, profundizando no traballo de grupo como unha vía posible para a creación dun estilo de traballo e dun estilo artístico recoñecible.

Espectáculos: "Acido Sulfúrico" de Alfonso Vallejo. Dir.: Celso Parada.(1987); "Ubú Rei", de Alfred Jarry. Dir.: Etelvino Vázquez.(1988); "Pasos", de Lope de Rueda. Dir.: Xosé M. Pazos (1990); "María Soliña", de Xosé M. Pazos. Dir.: Etelvino Vázquez (1990); "Elektra", de Hugo Von Hofmannsthal. Dir.: Alberto Bokos (1991); "O polbo" de Stanislaw I. Witckiewicz. Dir.: Alberto Bokos (1993); "Crónica de Pantagruel", de X.M. Pazos e A Bokos. Dir.: A. Bokos (1995); "Tic - Tac", sobre a novela de Suso de Toro. Dir.: E. Vázquez (1996); "Lugar común" de Lucía Sánchez. Dir.: Etelvino Vázquez (1998); "Decorcheas" de Maria Armesto. Dir.: Maria Armesto (2000); "Fausto" a partir da obra de Christopher Marlowe. Dir.: Etelvino Vázquez (2001); "Círculo" sobre a novela de Suso de Toro. Dir.: E. Vázquez (2002); "As Troianas" de Eurípides. Dir.: Etelvino Vázquez (2004); "Tartufo" de Moliere. Dir.: Etelvino Vázquez (2005); "Misericordia" de Benito Pérez Galdós. Dir.: Etelvino Vázquez (2006) e "Emigrados", de VVAA. Dir. de Etelvino Vázquez.(2007).

Prezos das Entradas.- 10, 8 e 3 €.

Mais información: www.teatrodeningures.com

Sábado, día 13, ás 20:30h.

“AS DUNAS, Free Spa” de Manuel Lourenzo
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO**;;Última Función!!**Obra: **AS DUNAS, Free Spa**Autor: **Manuel Lourenzo**Director: **Quico Cadaval**Espazo Escénico e Iluminación: **Baltasar Patiño**Dirección Musical: **Bernardo Martínez**Coreografo: **Armando Martén**Figurinos: **Gilda Bonpresa**

Reperto: **Paula Buján López: Lucinda; Evaristo Calvo: Serapio; Paulo Ausendre Castro Oliveira: Calí Caiate; Manolo Cortés: Helio; Susana Dans: Lola; Christian Escuredo: Cristian; "Mos": Melodra-ma: Iria Pinheiro: Eva; Rodrigo Roel: Florencio Pardo e Davide Salvado: Milo**

Sinopse:

Nun promontorio pendurado sobre o mar Cantábrico, o construtor Pardo decide erguer “As dunas”, moderno spa ou balneario musical que abrirá as súas portas día e noite, que terá como destinatarios a amantes de praceres prolongados e integrará actividades que van dende o relax ao goce musical pasando por todo tipo de refinados praceres do corpo. En realidade, o que anda pola mente de Pardo é a contratación dun grupo musical de certo prestixio para poñer en marcha un espectáculo, a medio camiño entre a danza e música profesional de raíz e unha proposta máis atrevida e, sen dúbida, moito máis insinuadora e procaz.

Para rexentar tal impresionante complexo turístico-musical o empresario contrata unha antiga noiva da xuventude, Lola, muller entrada en carnes, disposta, de bo carácter e instalada no mundo real, que ademais lle segue querendo. A moza é moi hábil para traer a Pardo ao rego, para rexentar o local e para se entender cos músicos. Coa chegada destes á nave dos ensaios imos asistindo á presentación das súas vidas, as esperanzas, os desvelos, as frustracións, os sonhos, os desgustos e as angustias. Así, sabemos dos amores homosexuais entre Serapio (home xa maduro e descrido) e Milo (depresivo, pusilánime, tristeiro e torturado); a personaxe do inmigrante Calí Caiate (caboverdiano con residencia en Burela, ou burelao con orixes caboverdianas) que naceu para a música e os ritmos do amor. As personaxes de Christian, Lucinda, Eva e Helio enfrontadas polos celos e os sentimentos do amor, tamén pola súa capacidade para soñaren futuros incertos ou para non se desapegaren endexamais da prosaica realidade.

A Obra:

As dunas é o resultado do texto escrito por Manuel Lourenzo como dramaturgo residente do Centro Dramático Galego (CDG). A obra, coa que a compañía pública culmina o seu plan de produción propia para a actual temporada teatral 2008-2009, conta coa dirección de escena de Quico Cadaval. Os talentos creativos de Lourenzo e Cadaval xúntanse nesta nova proposta á que ambos se refiren como “un cabaré sobre o paraíso perdido”.



Trátase dunha obra fortemente onírica sobre a especulación inmobiliaria, os impactos ecolóxicos, os atentados á paisaxe e a falta de respecto á natureza. A acción transcorre nunha nave industrial arruinada, na feuxa interior da Mariña luguesa, onde son convocados polo construtor Florencio Pardo, a gobernanta Lola, o intendente Serapio, o empregado Calí Caiate, que forma con Helio e Melodrama o trío musical, e o corpo de danza composto polas parellas Eva-Christian e Milo-Lucinda. Esta tropa estafalaria está a ensaiar un número artístico para animar a inauguración do free spa “As dunas”, sobre o que pende unha ameaza de derrubamento.

A estética da montaxe baséase na cultura popular dos anos setenta, especialmente nos filmes da terceira vía (unha solución ecléctica entre o cine chabacano e o intelectual), no cómic, na telenovela ou na fotonovela.

O resultado, en palabras do propio director, é “unha especie de pastiche cun pouco de aventura, un pouco de crítica política, un pouco de sexo e un pouco de risa”.

A música en directo supón unha parte importante nesta peza. Estilos como o jazz ou o rap, pasando polo fado ou a morna, con especial énfase no funaná (un xénero musical e de danza orixinario de Cabo Verde), están moi presentes en todo o espectáculo.

O Autor:

Manuel Lourenzo é un dos grandes nomes propios das artes escénicas galegas, como pon de manifesto o Premio Nacional da Cultura Galega que recibiu o pasado mes de xuño. Contribuíu amplamente a conformar un teatro galego maduro e independente, a través das súas múltiples facetas que abranguen case todos os campos: autor, director, actor, tradutor, teórico, conferenciante, fundador de varias compañías, editor de coleccións literarias e profesor.

Nado en Ferreira do Valadouro en 1943, con vintedous anos creou xunto a Francisco Pillado o Grupo de Teatro O Facho, co que dá os seus primeiros pasos o teatro independente galego. Sucesivamente fundaría outros grupos e compañías: **Teatro Circo** (1967), *Escola Dramática Galega* (1978), *Compañía Luís Seoane* (1980), *Elsinor Teatro* (1990) e *Compañía Casahamlet*, que rexenta na actualidade.

Ademais de varios traballos para a radio, a televisión e o cinema, coordinou xunto con Francisco Pillado varias publicacións, como os *Cadernos da Escola Dramática Galega*, o *Caderno do Espectáculo da Compañía Luís Seoane*, *Castrodouro-Teatro*, *Elsinor-Teatro* e na actualidade a Revista *Casahamlet*. Ambos son autores tamén de varios estudos sobre a historia da dramaturxia galega, como *O teatro galego* (1979), *Antoloxía do teatro galego* (1981) e *Dicionário do teatro galego* (1987).

Lourenzo é autor de máis de cincuenta obras dramáticas, entre as que se atopan *Traxicomedia do vento de Tebas namo-rado dunha forza*, *As criadas*, *Defensa de Helena*, *Electra*, *Últimas faíscas de setembro*, *Veladas indecentes* e *Insomnes*.

Verqueu ao galego pezas dos clásicos gregos e de autores como *Goethe*, *Büchener*, *Fassbinder* e *Heiner Müller* e levou a escena a dramaturgos como *Sófocles*, *Eurípides*, *Puschkin*, *Chekov*, *Strindberg*, *Brecht* e *Genet*, e a autores galegos como *Castelao*, *Cunqueiro*, *Otero Pedrayo*, *Euloxio R. Ruibal*, *Xesús Pison*, etc.

O seu labor como escritor e director teatral foi recoñecido con máis dunha vintena de premios, entre os que se atopan o *Premio Abrente*, o *Facho* de poesía, o *Celso Emilio Ferreiro* de Poesía, o premio do *Festival Internacional de Teatro de Ribadavia* ao mellor director, o *Rafael Dieste* en dúas ocasións, o *Premio Nacional de Literatura Dramática* e o *Pedrón de Ouro*.

O Director:

Actor, director e adaptador teatral, **Quico Cadaval** foi o impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galicia na década dos noventa. Aprendeu a contar contos desde moi neno grazas a unhas vellas que se encargaron de transmitirle historias, e tamén grazas ás persoas, da máis variada índole, que pasaban pola taberna da súa nai.

Nado en Ribeira en 1960, comezou na interpretación teatral a finais dos setenta e xa a mediados dos oitenta, funda a súa propia compañía, *O Moucho Clerc*. Na súa faceta de dramaturgo produciu os textos *Un código clandestino*, unha dramaturxia dos poemas medievais galaico-portugueses, *O rouxinol da Bretanha* sobre BD de Hugo Pratt, *A caza do snark*, sobre o poema de Lewis Carrol, *Se o vello Simbad volvese ás illas* (que recibiu o premio María Casares ao mellor texto adaptado en 2003) e *O ano do cometa*, ambos os dous dos romances homónimos de Álvaro Cunqueiro, *Rapatú*, do conto popular europeo *A sogra do diablo*, ou *Espantoso!!!*, que foi premiado co María Casares ao mellor texto orixinal do teatro galego en 2002.

Como director escénico, púxose á fronte de montaxes como *A cor das cerejas*, *Doberman*, *Squash*, *A cigana vermelha da Ilha Terceira*, *A cantiga do desterro*. *Chanson d'exil*, *Speer*, *A voda dos moicanos*...

É ademais guionista e director dos espectáculos de Mofa e Befá (*Para ser exactos*, *Cultura para dar e tomar* e *Finis Mundi Circus*) e recentemente dirixiu para PT *Excéntricas* a peza *No comment (Obra)*. Para o CDG dirixiu as producións *Como en Irlanda* (1996), *O ano do cometa* (2004) e *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2007), que lle valeu o Premio María Casares 2007 á Mellor Dirección.

No campo audiovisual ten traballado en guións de curtametraxes (*A gran liquidación* ou *Cabeza de boi*) e de programas de televisión (*Apaga a luz*).

Na súa faceta de actor participou en curtas (*Amor serrano*) e longametraxes (*A rosa de pedra*). Ademais para a TVG colaborou no espazo *Máxima Audiencia* e dirixiu a serie *Miña sogra e mais eu*.

Tamén foi profesor de interpretación de Operación Triunfo da Radio Televisión Portuguesa (2003).

Prezos das Entradas.- 10, 8 e 3 €.
Mais información: www.agadic.info/cdg

Domingo, día 14, ás 19:00h.

“R.I.P. Marandaina” Grupo de Teatro “O BORDELO” de Cervo



“Premio do Público do IX Ciclo de Domingos a Escena 2008-2009”

Obra: **R.I.P. Marandaina**

Autor e Director: **Francisco Piñeiro**

Escenografía: **O Bordelo**

Reparto: Filomena **Dolores Viamante Rey**
 Doctora..... **M^a Paz Rodríguez Silva**
 Reporteiro..... **Antonio González- Patoso**
 Marcial..... **Xosé Vicente Mon**
 Casiano..... **Xosé Manuel González- Copa**
 Prudencio..... **Francisco Piñeiro Glez**

A Obra:

R.I.P. Marandaina 500mg é un medicamento para reducir a febre do desequilibrio territorial que provoca un aumento irracional dalgunhas poboacións nas que a elevada hipertensión social xa provoca colapsos circulatorios, brotes endémicos de intolerancia e artrose comunicativa propia das selvas asfálticas.

R.I.P Marandaina 500mg está indicada para:

- Recuperar Integralmente os Pobos, especialmente o inmaterial.
- Respecto da Industria pola Paisaxe, facendo posible a simbiose.
- Recuperación Integral da Política para acadar credibilidade
- Reforma Interior das Personaxes intolerantes e incívicas.

O Grupo:

O BORDELO. Cando un carro non podía saír dun atranco, o reforzo que se lle poñía diante para axudar a tirar del era **o bordelo**.

No ano mil novecentos noventa e oito, despois de varias experiencias teatrais no Auditorio de Sargadelos, créase o colectivo cervense de forma estable, integrado na Asociación Cultural Airitos do Xunco, para abordar o carro do teatro afeccionado na Mariña.

Dende aquela pasaron once anos, máis de catrocentas cincuenta actuacións espalladas por toda Galiza e polo occidente asturiano, nas que colaboraron un total de vinte e catro actores representando dez obras: “**Andar á comenencia**”, “**Na encrucillada**”, “**Cambadelas**”, “**Relax- Total**”, “**Plática –sisual**”, “**Trébedes sen lume**”, “**Katharsis**”, “**Anisocoria**”, “**O Mariñán**”, “**R.I. P**” (“*con sabor a marandaina*”), e o seu último traballo titulado **O ESPELLO DO PRESTAMISTA**. Todas escritas e dirixidas por Francisco Piñeiro González.

Organiza dende hai nove anos as Veladas do Souto e dende hai dous EXPRESS-arte, unha ventá aberta que permita ós xoves da Mariña manifestar a súa creatividade.

Con “R.I.P. Marandaina” o Grupo de Teatro “O BORDELO” acadou o Premio do Público do IX Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a Escena 2008-2009”.

* Na representación do Teatro Jofre farás a entrega do Premio.



Prezos das Entradas.- Invitación

Mais información: <http://teatroobordelocervolugo.blogspot.com>

DANZA

Xoves, día 4, ás 20:30 h.

Ensaio Aberto ao Público de "OVAY"
Cía. QUIQUE PEÓN

Coproducido polo Centro Coreográfico Galego



Obra:- **OVAY**

Dirección: **Quique Peón**

Coreografía: **Quique Peón e Erick Jiménez**

Dramaturxía: **Roberto Magro**

Dirección musical e arranxos: **Xosé Lois Romero**

Músicos: **Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde**

Deseño de iluminación: **Baltasar Patiño**

Deseño de vestiario: **Cloti Vaello e Quique Peón**

Bailarín e intérprete: **Quique Peón**

Estrea: 13 de xuño de 2009 no Salón Teatro (Santiago)

Ovay é a primeira montaxe profesional dun artista que leva máis de 30 anos adicándose á investigación e recompilación do folclore galego.

Ovay fai un percorrido de movementos e melodías dos catro puntos cardinais de Galicia.

É a primeira vez que un bailarín tradicional fai un só

A Peza:

Quique Peón afronta este reto en solitario despois de levar moitos anos a traballar no eido da música e a danza tradicional de Galicia. O espectáculo está concibido coma unha especie de musical no que se fusiona a música, o canto, o baile, a percusión e o teatro.

Ovay quere amosar a forma de expresión masculina utilizando un amplísimo abano de movementos tradicionais galegos, que aínda están por explorar, e que se queren contemporalizar achegándoos os nosos días.

Para isto introdúcese nas frases tradicionais achegas á danza contemporánea, tentando non perder o esencial, o cerne do noso espírito, a nosa expresividade, indo máis aló do virtuosismo do bailarín e achegándonos ao seu interior, fusionando os instrumentos, o canto e o teatro co mesmo baile, facendo que o espectador recoñeza e redescubra, a un tempo, o seu.



A Dirección:

Quique Peón.- Bailarín de danza tradicional galega. A súa actividade profesional céntrase na investigación e divulgación do folclore tradicional de Galicia. Ten unha longa traxectoria e un importante labor como profesor de baile e música tradicional galega. Formou parte de diversos grupos e na actualidade é o director do grupo de música e baile tradicional Xacarandaina dende o ano 1981. Formou parte do elenco da produción do CCG 'Kiosco das almas perdidas', dirixida por Roberto Oliván. Realizou labores de asistente coreográfico con Mercé de Rande.

Henrique Peón participou en numerosos festivais e xiras internacionais visitando: Portugal, España, Francia, Inglaterra, Bélxica, Italia, Hungría, Ucraína, Alemaña, Eslovaquia.

Prezos das Entradas.- Invitación
Mais información: www.centrocoreografico.org

Venres, día 26, ás 20:30 h.

"O CAFÉ DA ESTACIÓN"

Alumnos do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación de A Coruña

Non conseguimos información deste espectáculo

Domingo, día 28, ás 19:00 h.

"Glimpse"

Cía. GELABERT AZZOPARDI

Obra: **Glimpse**Dirección: **Cesc Gelabert**Escenografía: **Charles Atlas- Video**Son: **Quim Isern**Iluminación: **Miguel Muñoz**Vestuario: **Lydia Azzopardi**Elenco: **Cesc Gelabert****A Obra:**

Un solo de vídeo, música e danza, de 45 minutos de duración, creado en colaboración co video-artista Charles Atlas e o compositor Carlos Miranda.

Gelabert presenta un solo de danza, no que as imaxes de vídeo proxectadas nun retablo ou multi-pantalla dialogan co bailarín durante a representación, ambos acompañados pola música de Carlos Miranda. As proxeccións sobre as pantallas rompen a fronteira entre as reflexións internas do bailarín e aquilo que o espectador ve como resultado.

En *Preludis* (2002) **Gelabert** presentou ao bailarín como "instrumento ben temperado". Na súa nova peza *Glimpse* móstrao como un mecanismo complexo e sutil, cuxo funcionamento está condicionado pola "afinación" de todos os elementos: corpo, sentidos, sentimento e entendemento.

Gelabert Azzopardi:

Gelabert Azzopardi é unha das compañías de danza máis notables de España. O seu estilo persoal e emblemático no ámbito das artes escénicas é recoñecido internacionalmente.

Fundada en Barcelona en 1985 por Cesc Gelabert e Lydia Azzopardi, a súa calidade artística é valorada nacional e internacionalmente grazas a unhas producións coreográficas que mereceron, ademais de diversos premios, o recoñecemento do espectador e da crítica.

Do ano 1989 ao 2003 foi compañía corresidente do Hebbel-Theater de Berlín. Entre 1987 e 2003 convértese en compañía asociada ao Teatre Lliure. A partir desta data é compañía residente do Teatre Lliure.

A compañía, ademais de crear as súas propias producións, coreografiou obras para o Balletto di Toscana, Tanztheater Komische Oper, Ballet Gulbenkian, Mikhail Baryshnikov e David Hughes.

Colaborou con personalidades da escena, como Nuria Espert, Gerardo Vera, Lluís Pasqual, Emilio Sagi, Mario Gas e Pilar Miró, entre outros, e coa firma de moda Hermès.

**Premios:**

1983, Premi Nacional de Dansa de Catalunya; 1987, Premi Ciutat de Barcelona; 1992 e 2003, DAAD (Deutsches Akademischer Austauschdienst) de Berlín; 1994, Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes, Goberno Español; 1996, Premio Nacional de Danza, Ministerio de Educación e Cultura; 1997, Premi Nacional de Dansa de Catalunya pola Generalitat de Catalunya; 1998, Medalla FAD-Foment de les Arts Decoratives, Barcelona; 2000, Premios Max das artes escénicas por *Zumzum-Ka*, mellor espectáculo de danza/coreografía; 2004, Premio Arcángel Edinburgo da crítica, outorgado polo diario The Herald; galardón pola traxectoria da compañía nese festival e polo espectáculo "*Arthur's Feet*"; 2005, Premios Max das artes escénicas, mellor intérprete 2004 para Cesc Gelabert; 2006, Premi Ciutat Barcelona 2005 por *Psitt!! Psitt!!*; 2006, Premio Max das artes escénicas, mellor intérprete 2005 para Cesc Gelabert; 2006, Premi FAD Aplaudiment Sebastià Gasch 2005-2006 a Lydia Azzopardi polo deseño do vestuario de *Psitt!! Psitt!!* e *Caravan*; 2007, Premis Públics d'Arts Escèniques de Tarragona a *Psitt!! Psitt!! -Viene regando flores desde La Habana a Morón*, como mellor espectáculo de danza presentado en Tarragona en 2006.

Prezos das Entradas.- 15, 12 e 6 €.**Mais información:** www.gelabertazzopardi.com

MÚSICA

Sábado, día 6 ás 20:30 h.


Música de Rondalla
"BOHEMIOS"



Presentación do CD "Viaje Musical" co gallo do seu 20 Aniversario.

BOHEMIOS:

Nace esta agrupación a finais de 1988, entrando a formar parte do panorama musical de Ferrolterra, coa única bagaxe da súa gran afección e ganas de superarse. Así, a comezos de Xaneiro de 1989, inician os seus ensaios para pór en marcha este proxecto.



Fan o seu debut como Rondalla o 18 de Marzo de 1989 na Noite das Pepitas. En abril do mesmo ano, e logo da boa acollida que o público depáralles, é cando os compoñentes do grupo constitúense formalmente como **Agrupación Artística Ferrolá "Bohemios"**.

Amplio é o número de escenarios nos que a Agrupación interpretou as súas cancións, entre eles destacan: practicamente todas as entidades socioculturais de Comarca Ferrolá.

Actuacións en Portugal: Vila do Conde con motivo do cincuenta aniversario do Rancho dá Praça, Porto (Palacio de Cristal da Feira Internacional de Mostras).

Así mesmo actuaron en Ortigueira, Burela, Viveiro (Certame anual de Habaneiras), Villalva, A Coruña (do IX ao XX Encontros Corais de Habaneiras "Cidade da Coruña"), Vigo (Feira de Turismo e Alimentación), Liceo de Noia, Casino de Pontevedra e Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, Santiago de Compostela, Feira internacional de Silleda, Maceda (Ourense), Teatro Palacio Valdés e Casa de Cultura de Avilés (V, VII e X Encontros Corais de Habaneiras), Centros Galegos de Xixón, Barcelona e Madrid, XVII Edición da Gran noite de Galicia no hotel "Reina Sofia" de Barcelona, patrocinado polo gremio de Hostalería e seleccionados pola Directiva da Noite de Galicia en Barcelona, presidindo os actos o Presidente da Xeneralitat de Catalunya, Excmo. Sr. Jordi Pujol, recital na Feira internacional de turismo do ano 2000 celebrada na Cidade Condal, patrocinado polo gremio de Hostalería e seleccionados pola Concellaría de Turismo do Concello de Ferrol, Certame de Habaneiras no Teatro Bérquidum de Ponferrada (León), XI Trovada de Habaneiras de Mayorga (Valladolid), Artistas con mención especial na FESTA ESPAÑOLA no Club Metropole de Las Palmas de Gran Canaria, XV Ciclo Coral Internacional de Polanco (Santander), así como diversas actuacións na R.T.V.G. e Localia.

En Avilés son premiados co galardón do primeiro "Llagarón de Pascua", recibíndoo de mans do presidente da Asociación da prensa de Avilés, e a "Faba de Prata" recibida da asociación con este mesmo nome.

En Ourense conseguen o primeiro premio no II Certame Internacional de Rondallas e Corais organizado pola Rondalla Alecrín "A Troia", patrocinado pola Deputación de Ourense e a Consellería de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia.

O 11 de maio de 2002 no salón de plenos do Excmo. Ayto. de Ferrol, e apadriñado polos alcaldes de Avilés e Ferrol, realiza o Irmandamento Musical co Coro do Centro da Habana en Avilés.

En xaneiro de 2007, actuaron en Segovia realizando unha serie de actuacións: Teatro Juan Bravo de Segovia, Palacio de La Granja, Nieva.



Primeiros compoñentes nas escalinatas da estación de Ferrocarril, a piques de saír á praza de Armas para participar na Noite das Pepitas. 18 de Marzo de 1989

Prezos das Entradas.- Invitación.
Mais información: www.bohemios.net

Venres, día 19 ás 20:30 h.

Música Folk LUAR NA LUBRE "Ao Vivo"



Presentación do seu último disco "Ao Vivo"

Logo de 24 anos percorrendo os cinco continentes. Logo de 26 países visitados. Logo de dar as grazas en 12 linguas diferentes para o 2009 LUAR NA LUBRE inicia outra aventura. Novo disco e nova xira

Creemos que este era o mellor momento para publicar un primeiro disco en directo. Un agasallo para o seu público e un testemuño para toda a xente que participou como espectador nos seus máis de 800 espectáculos e que colaboraron en que **LUAR NA LUBRE** sexa hoxe en día, o que é, un dos grupos internacionais máis importantes da música celta.

"Ao Vivo", recolle as 18 cancións que se interpretaron o 22 e o 23 de xaneiro no Teatro Colón da Coruña. Todos os seus temas clásicos ("*A túa xitana*", "*Ou son do ar*", "*Chove en Santiago*"...), un tema inédito ("*Axeitame polainiña*") e tres colaboracións moi especiais de amigos como LUZ CASAL ("*Camariñas*"), DIANA NAVARRO ("*Romeiro ao lonxe*") e PEDRO GUERRA ("*Memoria dá noite*"). Ademais, "Ao Vivo",

nun DVD recolle un documental, o concerto completo e un bonus track moi especial con ISMAEL SERRANO cantando xunto a LUAR NA LUBRE "*O dereito de vivir en paz*" en solidariedade co pobo de Gaza.

Prezos das Entradas.- 15, 12 e 10 €.

Mais información: www.luarnalubre.com

Xoves, día 25 ás 20:30 h.

Música Clásica "ORQUESTRA NOVA FILARMÓNICA DE COLONIA"



A Orquesta Nova Filarmónica de Colonia é unha orquesta de cámara de carácter solista e profesional, que en repetidas ocasións ao longo do ano convértese, coa colaboración de importantes músicos, nunha gran orquesta sinfónica. A Orquesta non recibe ningunha subvención, sendo importante sinalar que a súa existencia se debe só e exclusivamente á súa propia financiación, o que hoxe en día non é usual.

Desde 1972, a Orquesta ten deleitado coas súas interpretacións, nas súas múltiples actuacións, a un gran número de persoas. O seu obxectivo é entusiasmar a persoas que talvez non teñan entrado aínda en contacto coa música clásica. Así logrou, ao longo dos anos, un estilo nas súas interpretacións que aúna temperamento refrescante cunha absoluta fidelidade á obra. Outra singularidade é sen dúbida o

carácter internacional da Orquesta. Así, músicos procedentes de todo o mundo atopan na Orquesta a súa «patria musical». Desde 1990 músicos dunhas 50 nacionalidades pasaron pola Orquesta. E sen embargo, non houbo problemas de comunicación, xa que a música é unha linguaxe internacional.

Desde fai máis de 10 anos, a Orquesta obtivo repetidamente un gran éxito na »Kölner Philharmonie«, o auditorio de Colonia, así como nas salas de concertos máis importantes de Alemaña e Europa, estando presente en numerosos festivais tanto en Alemaña como no estranxeiro. 1999 foi de novo un ano cheo de éxitos, entusiasmando ao público de, entre outras cidades, Hamburgo, Dusseldorf e Colonia, conseguindo un aforamento completo con obras de Vivaldi, Mozart e Tchaikovsky.

Programa:

- VIVALDI (1678-1741) **As Catro Estacions.**
- WOLFGANG AMADEUS MOZART (1765-1791) **Concerto para clarinete e orquestra KV 622**
- PETER ILYICH TCHAIKOVSKY (1840-1893) **Sexteto, Op.70, "Souvenir de Florence"**

Prezos das Entradas.- 18, 15 e 12€

VENDA DE ENTRADAS

TAQUILLA.- De 11.00 a 13.00 e de 18.00 a 20.00 (ata as 20.30 o día da función).

INTERNET.- www.ferrol.es/jofre**RESERVA ANTICIPADA DE ENTRADAS**

Os cinco días precedentes á función; recollida ata dous días antes da data do espectáculo en horario de 09.00 a 11.00 de luns a venres.

Información no teléfono: 981 944 245

NON TE CONFORMES CON SER UN ESPECTADOR ANÓNIMO
Faite socio***Ao facerte socio da A.A.T.J. terás dereito a solicitar o Carnet do Teatro Jofre o cal che permitirá disfrutar dun desconto do 20% nos prezos das entradas.****aatj** Asociación de amig@s
do **Teatro Jofre**Rúa Cuco Ruíz de Cortázar / Urb. Virgen del Carmen, P. 1, 1º Esquerda 15406 Ferrol
Tels. 659 793 042 / 629 814 297. E-mail: goroca@mundo-r.com**FICHA DE INSCRIPCIÓN**

Apelidos	Nome
Enderezo	Nº Piso Porta
Poboación	C.P. Tel.
Profesión	Data nacemento - -
E-mail	DNI/CIF
Espectador/a: (marque cun X) <input type="checkbox"/> Teatro <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> Danza <input type="checkbox"/> Outras _____	
Desexo inscribirse como socio/a da Asociación de Amigo@s do Teatro Jofre	
Cota: (marque cun X) <input type="checkbox"/> Semestral (18 €) <input type="checkbox"/> Anual (36 €)	
En _____ a _____ de _____ de 200 ____	
Sinatura	

Domiciliación bancaria

Banco/Caixa
Enderezo Poboación
Nº entidade Nº oficina DC Nº de conta

Sr. Director do

Banco/Caixa
Enderezo Poboación

prego a Vd. sívase da-las ordes oportunas para que, salvo aviso contrario pola miña parte, e con cargo a miña conta, sexa abonado a Asociación de Amig@s do Teatro Jofre o importe dos recibos que lle sexan presentados.

Titular

Apelidos	Nome
Nº entidade	Nº oficina DC Nº de conta

En _____ a _____ de _____ de 200 ____

Sinatura